

DATA	2/04/2009
Nº	587

1024 RBF/mcm

Examinado o expediente tramitado para a contratación da execución da obra incluída no FEIL denominada "Urbanización del entorno del polideportivo de Almeiras", a adxudicar mediante procedemento negociado.

ANTECEDENTES

1. Con data 11 de febreiro de 2009, mediante a resolución nº 240, da Concelleira Delegada de Economía, Facenda, Réxime Interior e Seguridade, apróbase o expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade da obra denominada "Urbanización del entorno del polideportivo de Almeiras".

2. A tal efecto publicouse un anuncio no diario La Voz de Galicia e no perfil de contratante solicitando ofertas de empresas capacitadas para a súa realización. Durante o prazo de presentación establecido, presentan ofertas as seguintes empresas:

Construcciones Pan y Díaz
Canarga SL
Construcciones López Cao
Construcciones Jesús Martínez

3. Analizada a documentación administrativa, resulta que todos os licitadores amosan capacidade suficiente para ser admitidas no procedemento de contratación, solicitándose da Area do Medio, Servizos e Obras a valoración das mesmas.

4. Visto o informe emitido polo técnico municipal e as ofertas económicas, de redución de prazos e de volume de persoal a empregar presentadas, determínase a oferta máis vantaxosa para esta Administración en base aos criterios establecidos nos pregos de condicións administrativas particulares de aplicación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. O artigo 153 da lei 30/2007, pola que se aproba a lei de contratos do sector público (en adelante, LCSP), establece que no procedemento negociado a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar con eles as condicións do contrato.

2. O artigo 135 LCSP establece que a adxudicación provisional acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada.

En base a todo o que

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Declarar a validez do acto celebrado e adxudicar provisionalmente a obra "Urbanización del entorno del polideportivo de Almeiras" á empresa CANARGA, S.L, CIF B-15360902, por ser a que presenta unha mellor oferta considerando os aspectos